EXAMES

Modalidades de exame non presencial



Universidade Vigo

Contido

Instrucións de estandarización das ferramentas propias da Universidade de Vigo para a realización de exames 4

Plataformas de teledocencia 5

Opcións ou tipos de exame 6

A Exame oral 6

B Exame escrito con control de identidade mediante chave de entrada 7

Opción 1: Ferramentas de Faitic

Opción 2: Correo electrónico

C Exame escrito con control de identidade autenticada 8

Opción 1: Campus Remoto tipo escrito papel

Opción 2: Campus Remoto combinado con Faitic (Moodle/Claroline)

Opción 3: Campus Remoto con Moodle incorporado

Accións que levar acabo ao utilizar Campus Remoto 11

Revisión de exames 12

Código ético e de integridade nun entorno virtual de ensinanza e aprendizaxe. 13

Anexos 15

Anexo A. Exemplos de exame tipo test en Moodle/Claroline 16

Anexo B: Resumo CRUE tipo de probas 17

Anexo C: Riscos tecnolóxicos nos procedementos de avaliación non presencial (CRUE) 18

Instrucións de estandarización das ferramentas propias da Universidade de Vigo para a realización de exames

As universidades víronse na obriga de modificar as actividades de formación presenciais establecidas nas guías docentes por outras desenvolvidas a distancia co fin de continuar o proceso de ensino-aprendizaxe, ocasionado, como é ben sabido, polo confinamento derivado da covid-19. Con todo, este modelo en liña sobrevido presenta inconvenientes técnicos no caso das probas tipo exame.

Nas actuais circunstancias considéranse exclusivamente dous escenarios:

> Escenario 1: Avaliación en modalidade non presencial. Non se dan as condicións para que se poidan realizar as actividades presenciais.
>
> Escenario 2: Avaliación en modalidade presencial con restricións. A desescalada do confinamento permite unhas datas para o desenvolvemento das probas de avaliación presenciais con restricións impostas por motivos sanitarios ou de seguridade.

Segundo a *Estratexia da ANECA para o aseguramento da calidade no ensino virtual*, do 17 de abril 2020, «Ao ser unha situación extraordinaria, as solucións expostas deberían ter tamén un carácter extraordinario e procurar sempre que o estudantado teña unha avaliación apropiada e, sobre todo, xusta».

De acordo co documento da CRUE do 16 de abril, «unha recomendación xenérica con respecto ás ferramentas tecnolóxicas de soporte dos procedementos de avaliación non presencial sería o emprego das tecnoloxías xa dispoñibles na universidade concretas e o máis similares posibles ás empregadas habitualmente para o soporte do ensino presencial [...] engadindo as mínimas imprescindibles (no caso de que fose necesario), en aras de obter a maior confiabilidade posible nos procesos de avaliación sobre contornas informáticas xa probadas e validadas, e de minimizar o impacto das decisións que se tomen sobre as persoas usuarias».

Mesmo neste caso, será necesario un estudo previo da carga de traballo que pode asumir a aula virtual da institución. Será fundamental ter claro o concepto de que os recursos virtuais son finitos e que o seu uso masivo en paralelo pode supor unha caída do sistema. Por tanto, **a planificación previa do calendario das probas de avaliación adquirirá unha importancia capital** (de aquí a petición de cubrir unha folla Excel co calendario de todos os centros).

As instrucións recollidas neste documento establécense en función do respecto á autonomía dos centros para desenvolver os títulos que teñen asignados e da súa responsabilidade nos procesos de seguimento e de acreditación dos devanditos.

Plataformas de teledocencia

A Universidade de Vigo puxo á disposición de toda a comunidade universitaria unha serie de ferramentas propias para a realización da teledocencia.

A plataforma Faitic, con Claroline e Moodle, permite subir apuntamentos, realizar tests ou entregar traballos, e **serve tamén como sistema de avaliación**, como é coñecido por todos e todas.

En **Campus Remoto** realízanse as clases por videoconferencia. A súa opción de gravar as clases pode servir tamén como **complemento ou sistema de avaliación**. Por último, o correo electrónico institucional serve como nexo de unión entre o profesorado e o estudantado.

Estas plataformas teñen a vantaxe de que a documentación queda almacenada nos servidores da universidade.

A Universidade de Vigo soporta tamén a ferramenta Teams de Microsoft, posto que se atopa na *suite* Microsoft 365, con licenza corporativa da institución.

O uso doutro tipo de ferramentas distintas das sinaladas, mencionadas tamén pola **CRUE**, farase baixo a exclusiva responsabilidade do profesorado que, de ser o caso, decida empregalas e que deberá garantir o cumprimento efectivo da normativa sobre protección de datos persoais así como a salvagarda/integridade da documentación.

Sempre que se empreguen as plataformas propias da Universidade de Vigo, garantirase a conservación da proba e os datos persoais asociados polo menos durante o período previsto na correspondente normativa académica, para o que se poñen á disposición para a súa conservación nos espazos virtuais propios. No caso das revisións en liña utilizaranse os medios propios establecidos ou autorizados pola universidade.

Opcións ou tipos de exame

Autorizarase o profesorado a estar no seu despacho para atender o exame se considera que cos medios informáticos e telefónicos da universidade lle poden dar unha mellor cobertura.

Os sistemas de avaliación poderán contemplar a posibilidade de liberar bloques temáticos da materia asociados a determinados resultados da aprendizaxe.

Utilizaranse só os procedementos de publicación e de cualificación dispoñibles nas plataformas propias da Universidade de Vigo. A este respecto, deberase observar o disposto nos apartados 11 e 12 da Resolución reitoral, do 24 de abril de 2020, sobre os aspectos relativos á protección de datos.

Poderase solicitar desde os servizos informáticos que a hora do examen se poida desprazar ao longo do día na data prevista para unha mellor optimización dos recursos dispoñibles.

A. Exame oral

- Proba síncrona
- Empregarase Campus Remoto
- O estudantado deberá estar rexistrado na plataforma para poder realizar o exame
- Deberá gravarse a proba
- O estudantado deberá dicir o seu nome e o seu DNI ao inicio do exame
- Consiste en preparar preguntas que evidencien que o estudantado adquiriu os coñecementos e que os ten ben incorporados
- Non debe superar os 10-15 minutos por estudante
- Pode realizarse de xeito individual, por quendas ou todos presentes
- O profesorado pode autorizar ter apuntamentos, ..
- É unha opción viable para as materias cuxo profesorado ten menos de 40 estudantes que avaliar. No caso dun maior número de estudantes, deberán utilizarse tantas salas de videoconferencias como sexan necesarias, titorizadas por docentes diferentes
- Debe coincidir nas datas e ás horas que teña acordado a Xunta de Centro
- No caso de que o profesorado quixera propoñer outra data comprendida no período de exames, poderá propoñer a súa realización de xeito individual sempre que teña o acordo confirmado co alumno/a na plataforma Faitic, visible no chat para o resto do estudantado

B. Exame escrito con control de identidade mediante chave de entrada

O control realízase mediante a plataforma Faitic onde cada estudante debe identificarse para entrar. É unha proba síncrona. Neste tipo de proba, temos dúas opcións:

Opción 1: Ferramentas de Faitic

Exame a través das ferramentas de avaliación soportados por Moodle/Claroline (cuestionarios etc.). Durante o tempo de realización da proba, o profesorado deberá estar dispoñible por algún ou por varios medios para responder ás preguntas.

- Tipo test: Achégase un anexo con exemplos de como realizar un exame mediante preguntas tipo test para o profesorado non familiarizado con esa ferramenta de avaliación. Recomendámosvos contar cun número elevado de preguntas na base de datos, cunha selección aleatoria e cun tempo de resposta curto **(o exame non debería levar máis de 90 minutos).**

Exemplo tipo proposto:

- Exame tipo test, preguntas con resposta múltiple
- Elección aleatoria de Moodle da orde de aparición das preguntas (sairían diferentes para cada estudante)
- Elección aleatoria de Moodle da orde das respostas das preguntas (sairían diferentes para cada estudante)
- Elección secuencial. Por exemplo, entre 5 e 10 preguntas nunha páxina. Vantaxe: vaise gravando o exame pouco a pouco. Desvantaxe: non admite repaso cara a atrás
- Unha vez rematado o exame, 10-15 minutos para enviar ou elixir copia automática, unha vez que termina

Exemplo duración. Exame MIR coa dificultade que ocasiona: 1 minuto/pregunta para as 190 preguntas sen imaxes e **2 minutos/pregunta** para as 35 preguntas ligadas ás imaxes diagnósticas (cinco horas, 300 minutos, para as 225 preguntas).

Opción 2: Correo electrónico

Exame enviado por correo electrónico nun momento previamente acordado, e con tempo limitado (semellante a un exame «con apuntamentos»). Ao final do tempo prefixado, o estudantado enviará o documento xunto cunha fotografía da hora e subirao. Non é o sistema recomendado pola CRUE.

C. Exame escrito con control de identidade autenticada.

Estes exames organizaranse mediante Moodle/Claroline e/ou coa utilización en paralelo das aulas de Campus Remoto para o control da identidade mediante a cámara conectada do/a estudante e/ou para atender as incidencias. En todo caso, nesta modalidade, o profesorado (polo menos, o/a coordinador da materia) debe estar accesible mediante o correo electrónico, o teléfono ou a videoconferencia para atender as incidencias que poidan xurdir (estudantado ao que lle falla o sistema, problemas de desconexión, interpretación de preguntas dubidosas etc.).

Opción 1: Campus Remoto tipo escrito papel

- Esta opción é a máis parecida a un exame presencial e resposta en papel.
- O estudantado deberá estar autenticado na plataforma de Campus Remoto para poder realizar o exame.
- Opcionalmente, o profesorado poderá gravar a proba de avaliación. De ser o caso, deberá comunicarllo previamente por escrito ao seu estudantado conforme ao disposto no anexo da RR do 24 de abril de protección de datos.
- Todo o estudantado comparte o seu vídeo pero non ven entre eles e elas.
- Opción viable para as materias cuxo profesorado ten menos de 40 estudantes que avaliar, para o que se deberán utilizar salas de videoconferencias diferentes, o cal permite dunha maneira máis áxil a atención de consultas, o control de asistencia etc.).
- Proxectarase mediante a opción de presentación de Campus Remoto mostrando os exercicios que debe realizar o estudantado.
    - Estes exercicios mostraranse secuencialmente na pantalla, coa asignación dun tempo acoutado para resolvelo e que deberá de poñerse na mesma pantalla do exercicio.
    - Estes exercicios mostraranse todos xuntos na pantalla, coa asignación dun tempo acoutado para resolvelos que deberá de poñerse na mesma pantalla do exercicio.
- O estudantado debe resolvelos en papel e respondelos coas súas propias palabras; ao rematar, escanear o exercicio e subilo á zona indicada da plataforma de Campus Remoto (tope máximo exame 5 MB). Recoméndase, se é posible, comprimir as imaxes.
- Asúmese que a proba se desenvolve «con apuntamentos» . É dicir, asúmese de partida que o estudantado terá á súa disposición, durante a proba, o material didáctico (apuntamentos, exercicios, programas informáticos de apoio etc.), todo dentro do acordo de integridade ético.

Opción 2: Campus Remoto combinado con Faitic (Moodle/Claroline)

- O estudantado deberá estar rexistrado na plataforma para poder realizar o exame.
- Opcionalmente poderá gravarse a proba. De ser o caso, deberá comunicarllo previamente por escrito ao seu estudantado conforme ao disposto no anexo da RR do 24 de abril de protección de datos.
- Opción recomendable para as materias cuxo profesorado ten menos de 40 estudantes que avaliar, o cal permite dunha maneira máis áxil a atención de consultas, o control de asistencia etc.).
- Unha vez que se atopa no exame, o estudantado deberá abrir unha nova pestana no navegador para entrar en Faitic ou en Claroline segundo corresponda.
- Unha vez alí resolverá o exercicio tipo test na aplicación no tempo e nas condicións que marque o profesorado no exame.
- Se o exame fora de desenvolvemento escrito utilizaríase a opción 1.
- Se a materia tivera máis de 40 estudantes a opción sería a 3, no caso de estar habilitada.
- Asúmese que a proba se desenvolve «con apuntamentos» . É dicir, asúmese de partida que o estudantado terá á súa disposición, durante a proba, o material didáctico (apuntamentos, exercicios, programas informáticos de apoio etc.), todo dentro do acordo de integridade ético.
- En función da carga simultánea das probas que se realicen ao mesmo tempo, desde os servizos informáticos e con tempo suficiente indicaráselle ao centro a forma na que deben secuenciarse os exames.

Opción 3: Campus Remoto con Moodle incorporado

Exame a través das ferramentas de avaliación soportados por Moodle (cuestionarios etc.). Durante o tempo de realización da proba, o profesorado deberá estar dispoñible por algún ou varios medios para responder ás preguntas.

- Tipo test: Nos anexos achéganse exemplos de como realizar un exame por preguntas tipo test para aquel profesorado non familiarizado con esta ferramenta de avaliación. Recomendámosvos contar cun número elevado de preguntas na base de datos, cunha selección aleatoria e cun tempo de resposta curto (o exame non debería durar máis de 90 minutos.

Exemplo tipo proposto:

- Exame tipo test, preguntas con resposta múltiple
- Elección aleatoria de Moodle da orde de aparición das preguntas (sairían diferentes para cada estudante)
- Elección aleatoria de Moodle da orde das respostas das preguntas (sairían diferentes para cada estudante)
- Elección secuencial. Por exemplo, entre 5 e 10 preguntas nunha páxina. Vantaxe: vaise gravando o exame pouco a pouco. Desvantaxe: non admite repaso cara a atrás
- Unha vez rematado o exame, 10-15 minutos para enviar ou elixir o envío automático

Exemplo duración. Exame MIR coa dificultade que ocasiona: 1 minuto/pregunta para as 190 preguntas sen imaxe e **2 minutos/pregunta** para as 35 preguntas ligadas a imaxes diagnósticas (cinco horas, 300 minutos, para as 225 preguntas).

Ligazóns: Videotitoriais en UVigo TV



Accións que se levarán a cabo ao utilizar Campus Remoto

É moi recomendable, case imprescindible, realizar unha proba previa de moi curta duración co estudantado para tentar reproducir da maneira más fiel posible o escenario real do exame. Co obxectivo de que tanto o profesorado como o estudantado proben que todo funcione ben.

- Todo o estudantado ten conectado o seu vídeo pero non se ven entre eles e elas.
- Desaconséllase o uso dos móbiles do estudantado para a vixilancia da proba, por exemplo, como cámara secundaria.
- Só se usarán no caso de que o ordenador non dispoña de cámara web e deberán colocarse apoiados na pantalla do portátil sen interferir na lectura do exame.
- O profesorado recibirá todo o estudantado e poderá gravar a sesión ou realizar un control visual. En todo caso, deberá comunicarllo previamente por escrito conforme ao disposto no anexo da RR do 24 de abril de protección de datos.
- O profesorado non debe activar a súa cámara, xa que produce tantos fluxos de vídeo como estudantes asistan e pode sobrecargar o servidor.
- O ideal é empregar Firefox como navegador. Nas probas internas é o que menos CPU consume tanto en MAC como PC
- Non se poden executar outros programas cando se está supervisando un exame.
- É importante tentar supervisar o exame desde un ordenador conectado por cable ao router (non por wifi)
- O profesorado pode realizar o exame desde o seu despacho na universidade se considera que ten mellores conexións informáticas que no seu domicilio particular.
- Dado que as respostas do estudantado poden darse en papel que han fotografar e subir á plataforma, recoméndaselle que empregue aplicacións pensadas para estas funcións como Camscanner, Scans, Microsoft Office Lens, Photoscan de Google etc, que permiten optimizar o tamaño e a calidade das imaxes.
- Os ficheiros que se subirán a cada exercicio deberán ser o máis pequenos posibles, preferiblemente por debaixo dos 2 MB de peso e, en ningún caso, por riba dos 5 MB. No caso de ser necesario, subiranse varios arquivos pequenos a cada exercicio (mellor 4 ficheiros de 2 MB que un só ficheiro de 8 MB). Neste senso, recoméndase subir tantas fotos como páxinas teña a solución. Deste xeito, os ficheiros terían un tamaño inferior a 5 MB. Unha foto por documento.

Revisión dos exames

- A revisión dos exames poderá realizarse de xeito virtual a través de Campus Remoto, no despacho xemelgo virtual creado pola universidade ou a través de Teams, ambas as dúas plataformas da universidade.
- Por medio de Faitic xunto co telefóno institucional (o do despacho do profesorado no caso de que o considere necesario).



Código ético e de integridade nun entorno virtual de ensinanza e aprendizaxe

A adaptación da Universidade de Vigo e todos os seus membros ás novas realidades consecuencia do COVID-19 supoñen desafíos únicos consecuencia do cambio abrupto a un entorno remoto de ensinanza e aprendizaxe.

Para culminar este proceso de adaptación, é necesario dispoñer dun código que sente as bases do comportamento e compromiso do estudantado con este novo entorno. Este código, que cada estudante ten a obriga de coñecer e respectar, constitúe una sinal de liberdade e responsabilidade individual, e persigue a súa formación integral como persoas, a súa preparación como profesionais de excelencia cara a conseguir unha transformación positiva da sociedade, e o cumprimento do establecido no artigo 65 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

Os compromisos que constitúen este código son os seguintes:

1. As videoconferencias constitúen un espazo docente equivalente ás clases presenciais, polos que as normas de comportamento deben ser as mesmas: respecto aos docentes e compañeiros de clase e evitar o uso do telefono. Isto significa silenciarse cando non se teña o uso da palabra e utilizar a función de chat sómente para comentarios ou preguntas relacionadas con temas docentes que se estean tratando.

2. As conexións cos docentes deben facerse no horario e utilizando os medios de comunicación propostos ou pactados previamente.

3. As probas de avaliación, en calquera das súas modalidades, enténdense como un mecanismo que ten por obxectivo medir o rendemento académico do estudante. Neste sentido, todos os estudantes teñen a responsabilidade de realizar ditas probas da forma estipulada, individual o grupal segundo corresponda, sen incorrer en accións que alteren a súa veracidade o supoñan un fraude o falsificación de datos de calquera tipo.

4. Os estudantes deben asumir a responsabilidade do seu proceso formativo sen presentar deliberadamente como propio, xa sexa total ou parcialmente, traballo feito por outro estudante (copia) ou obtido de calquera outra fonte non citada (plaxio). Tampouco deben presentar como novo un traballo xa avaliado.

5. Os estudantes só poden usar os recursos e as axudas permitidas para completar as tarefas ou exames que se lle propoñan.

6. Non se pode recibir ou proveer asistencia de forma fraudulenta nos exames. Isto inclúe a obtención, por calquera medio, dunha avaliación parcial ou completa.

7. Se consideran de especial gravidade os actos de suplantación de identidade en calquera proba, así como calquera modificación, xa sexa por medios mecánicos ou electrónicos, dunha cualificación obtida.

8. Finalmente, todo estudante é responsable de informarse sobre os seus dereitos e obrigas, recollidos na normativa xeral da Universidade así como nas normativas internas de cada centro.

ANEXOS

Anexo A. Exemplos de exame tipo test Moodle/Claroline

Existe un número importante de docentes da universidade con amplos coñecementos e con traballos en innovación docente que empregan Faitic con múltiples posibilidades e que teñen outras opcións de avaliación superiores ás que se presentan neste anexo.

Documentos de realización de exames tipo test e tarefas escritas en Moodle e Claroline

- Na ligazón https://docs.moodle.org/all/es/ pódense consultar os tipos de preguntas dispoñibles para realizar cuestionarios en Moodle).

Anexo B: Resumo CRUE tipo de probas

Método de avaliación non presencial Modalidade síncrona Modalidade asíncrona Evidencias necesarias

Método de avaliación non presencial	Modalidade síncrona	Modalidade asíncrona	Evidencias necesarias
1. Exame oral	Videoconferencia		Rexistro e/ou gravacións
2. Proba escrita aberta	Videoconferencia	Módulo de tarefas da aula virtual e ferramenta antiplaxio	Rexistro
3. Proba obxectiva	Módulo de tarefas da aula virtual	Módulo de cuestionario da aula virtual	Rexistro
4. One minute paper	Videoconferencia (*)	Módulo de cuestionario da aula virtual	Rexistro
5. Traballo académico	Módulo de cuestionario da aula virtual	Módulo de tarefas da aula virtual e ferramenta antiplaxio	Rexistro e/ou gravacións
6. Mapas conceptuais	Videoconferencia (*)	Módulo de tarefas da aula virtual e ferramenta antiplaxio	Rexistro
7. Diario reflexivo		Ferramenta diario da aula virtual e/ou One Note e ferramenta antiplaxio	Rexistro
8. Portafolio		Ferramenta portafolio da aula virtual, One Note e ferramenta antiplaxio	Artefacto
9. Observación		Ferramenta de foros, wikis, informes e analíticas da aula virtual	Anotacións do profesorado
10. Proxectos		Módulo de tarefas da aula virtual e ferramenta antiplaxio	Rexistro
11. Problemas/ Casos	Ferramenta de foros, wikis, informes e analíticas da aula virtual	Módulo de tarefas da aula virtual e ferramenta antiplaxio	Rexistro e/ou gravacións

(*) Dependendo da proposta do profesorado podería ser necesario o uso dun sistema de videoconferencia complementario ás funcionalidades estándar.

Anexo C: Riscos tecnolóxicos nos procedementos de avaliación non presencial (CRUE)

O reto global ao que nos enfrontamos no ámbito da institución é un escenario dunha simultaneidade nun curto período de tempo de todos os tipos de probas de avaliación non presencial e con alto nivel de concorrencia de participantes. Isto levará a que todas as infraestruturas e os sistemas implicados poderían estar sometidos a sobrecargas que afectarán a súa dispoñibilidade.

Adicionalmente, temos que considerar que as probas de avaliación non presencial son dependentes de infraestruturas non xestionadas pola universidade: equipamento propio do estudantado e do profesorado, conexión a Internet etc.

Escenario TI de avaliación	Métodos de avaliación no npresencial	Ferramenta informática	Risco TI
Exame oral	1. Exame oral (síncrono)	Videoconferencia	1. Sobrecarga videoconferencia 3. Almacenamento masivo
Exposición do traballo ao profesorado e/ou á clase	2. Proba escrita aberta 10. Proxectos 11. Problemas/Casos (síncronos)	Videoconferencia	1. Sobrecarga videoconferencia 3. Almacenamento masivo
Entrega do traballo	2. Proba escrita aberta 5. Traballo académico 6. Mapas conceptuais 10.Proxectos 11.Problemas/Casos (asíncronos)	Módulo de tarefas da aula virtual con data límite de entrega	2. Sobrecarga acceso aula virtual 3. Almacenamento masivo
Avaliación continua	7. Diario reflexivo 8. Portafolio (asíncronos) 9. Observación (síncrona e asíncrona)	Módulos de diario, portafolio, foros, wikis, analíticas etc. da aula virtual, One Note, … Videoconferencia	1.Sobrecarga videoconferencia 2. Sobrecarga acceso aula virtual 3. Almacenamento masivo
Avaliación síncrona mediante preguntas abertas e pechadas	3. Proba obxectiva 4. One minute paper (síncronos)	Módulo de cuestionarios da aula virtual con hora de inicio e de fin Videoconferencia	1. Sobrecarga videoconferencia 2. Sobrecarga acceso aula virtual 3. Almacenamento masivo
Avaliación asíncrona mediante preguntas abertas e pechadas	3. Proba obxectiva 4. One minute paper (asíncronos)	Módulo de cuestionarios da aula virtual con duración prefixada	2. Sobrecarga acceso aula virtual 3. Almacenamento masivo

Universidade Vigo